Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 19 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 19 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 222

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Prórroga do prazo máximo de resolución do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de arquitecto/a (OEP 2025)

ANUNCIO

Mediante Resolución da alcaldía núm. 1511/2026, foi aprobada a prórroga de resolución do proceso selectivo para a cobertura dunha vacante de arquitecto/a, cuxo texto citase a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA DO PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2025, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE OPOSICIÓN

Expediente: 2026/E001/000002; 2026/G003/001598

ANTECEDENTES DE FEITO

Na Xunta de Goberno Local do 29.01.2026 acordouse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de arquitecto/a incluída na oferta de emprego público (OEP) do Concello de Fene do ano 2025 (BOP núm. 248, do 29.12.2025, polo sistema selectivo de oposición).

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 30 do 13.02.2026; así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA núm. 51 do 17.03.2026) e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 74 do 25.03.2026). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 14.04.2026.

Mediante Resolución da alcaldía núm. 548/2026, do 29 de abril, modificada polas Resolucións da alcaldía 548/2026 e 565/2026, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, tendo sido publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 89 do 14.05.2026 e no taboleiro de anuncios e páxina web municipal, outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 28.05.2026.

Mediante Resolución da alcaldía núm. 835/2026, do 26 de xuño, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, tendo sido publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 123 do 02.07.2026 e no taboleiro de anuncios e páxina web municipal.

O 21.09.2026 publicouse no taboleiro de anuncios e páxina web municipal o anuncio do tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura dunha vacante de arquitecto/a, no que se convoca as persoas aspirantes á realización do segundo exercicio o día 06.10.2026

De acordo coa base 9.2 das bases específicas:

"Para poder superar o proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura da vacante convocada, as persoas aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición que lles resulten obrigados. Dende a total conclusión dun exercicio/proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e un máximo de corenta e cinco días naturais."

A vista do que antecede e de que o tribunal ten manifestado que conta cunha acumulación de traballo derivada das súas funcións laborais habituais, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e á competencia da alcaldía establecida no artigo 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Prolongar polo exceso de tarefas por parte do tribunal, en corenta e cinco (45) días naturais o prazo máximo establecido entre a conclusión dun exercicio/proba e o comezo da seguinte, recollido no punto 9.2 das bases específicas do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de arquitecto/a.

Número de anuncio 2026/7517

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial de Provincia, taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

En fene, 13 de novembro de 2026

A alcaldesa

Alejandra Permuy Meizoso.

2026/7517

Número de anuncio 2026/7517